

# Informe de accións de coordinación do Máster universitario en avogacía

CURSO 2017/2018

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

# Informe de accións de coordinación do Máster universitario en avogacía

## CURSO 2017/2018

Aprobado pola Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía o día 18 de decembro de 2018. Validado pola Comisión de Calidade o día 19 de decembro de 2018 e aprobado pola Comisión Permanente o día 19 de decembro de 2018.

---

### Índice

1. Información xeral.....	2
2. Coordinación.....	2
3. Xustificación e descrición do informe .....	2
4. Accións de coordinación .....	3
4.1. Reunións e actuacións de coordinación.....	3
4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas .....	8
4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora.....	11
5. Conclusións .....	16

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

### 1. Información xeral

Denominación do título	Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito (Campus de Ourense) e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (campus de Vigo e Pontevedra)
Curso de implantación	2013/2014 (non implantado en 2012/2013 na Facultade de Dereito por decisión da CAM do 10 de outubro de 2012)

### 2. Coordinación

Equipo coordinador do Máster universitario en avogacía	Coordinación académica e profesional e comisión académica do Máster universitario en Avogacía da Facultade de Dereito, complementados pola comisión de coordinación do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo
--	---

### 3. Xustificación e descrición do informe

O Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense do 16 de maio de 2012 establece as funcións de:

- O coordinador/a académico
  - Aprobar un informe anual en que se detallen cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa formativo.
  - Supervisar a elaboración das guías docentes de cada un dos módulos formativos.
  - Elevarlle á comisión académica cantas propostas considere oportunas para o mellor funcionamento do plan formativo.
- O coordinador/a profesional
  - Elaborar a proposta do plan de prácticas e o seu cronograma.
  - Propoñer a designación dos tutores/as de prácticas.
  - Aprobar un informe anual en que se detallen cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa de prácticas.
  - Desenvolver e coordinar os 30 créditos ECTS correspondentes ás prácticas externas, conforme o establecido na lei e no regulamento de acceso, así como na memoria para a verificación do título do máster.
- A comisión académica do máster
  - Aprobar os horarios de docencia e as probas de avaliación.
  - Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica.

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- Velar pola dispoñibilidade dos espazos.
- Seleccionar o estudantado admitido no programa e para bolsas ou estadias de mobilidade.
- Emitir un informe para o recoñecemento de competencias.
- Formular as demandas de recursos humanos e materiais.
- Elaborar e aprobar anualmente as guías docentes da titulación, a planificación docente anual (PDA), o cadro de profesorado da titulación, o cadro de titores/as de prácticas, o orzamento anual e calquera outra función relacionada coa formación prevista neste convenio e que non estea asignada legalmente a órganos da universidade e do Colexio de Avogados.
- A comisión de dirección do máster:
  - Exercer a representación institucional.
  - Informar os acordos e propostas formulados pola Comisión Académica.
  - Calquera proposta da Comisión Académica que non reciba o informe favorable da Comisión de Dirección, esixirá que a cuestión se decida tanto na Xunta de Centro da Facultade de Dereito, como na Xunta de Goberno do I.C.A. de Ourense.
  - Adoptar acordos nos supostos de empate nas votacións da CAM, conforme ao previsto no apartado seguinte.

Dada a peculiaridade do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo, título único impartido nos tres campus e adscrito a dous centros –as facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo– e a tres colexios profesionais –os de Ourense, Pontevedra e Vigo–, constituíuse unha comisión de coordinación do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as, os coordinadores/as académicos do máster, un ou unha representante de cada colexio profesional e os secretarios/as das comisións académicas, co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre centros aos efectos de implantación do sistema de garantía interna de calidade dos centros.

---

## 4. Accións de coordinación

Durante o curso académico 2017/2018 realizáronse diversas actuacións de coordinación docente coa finalidade de mellorar o funcionamento do Máster Universitario en Avogacía, analizándose as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación das materias e na realización das prácticas externas.

### 4.1. Reunións e actuacións de coordinación

#### 1. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Máster universitario en avogacía cos/coas representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os–

Durante o curso académico 2017/2018 realizáronse actuacións e reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- 13 de setembro de 2017: A coordinadora académica reuniuse cos estudantes do Máster Universitario en Avogacía coa finalidade de que procederan a selección das/os delegadas/os de curso. A finalidade desta reunión era informarles da importancia de que nomeen aos representantes dos estudantes o máis axiña posible a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Máster, as que son invitados con voz pero sen voto.
- 20 de decembro de 2017: A coordinadora académica reuniuse coas delegadas do primeiro curso para poder intercambiar opinións sobre o desenvolvemento do período formativo do máster durante o primeiro cuadrimestre. Achégase a acta desta reunión como anexo núm. I<sup>1</sup>.
- 9 de abril de 2018: A coordinadora académica reuniuse coas delegadas do primeiro curso para poder intercambiar opinións sobre o desenvolvemento do período formativo do máster durante o segundo cuadrimestre. Achégase a acta desta reunión como anexo núm. II.
- Durante o curso académico 2017/2018, as/os delegadas/os de primeiro e segundo curso do Máster Universitario en Avogacía foron convidadas a reunión da Comisión, con voz e sen voto, de forma habitual, e sen prexuízo de poder puntualmente excluílos dalgún punto concreto cando se traten cuestións especialmente sensibles ou delicadas nas que non se considere adecuada a súa presenza na reunión.

### 2. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Máster universitario en avogacía cos coordinadores das materias impartidas durante o período formativo:

- 21 de decembro de 2017: A coordinadora académica reuniuse cos coordinadores das materias impartidas durante o período formativo para analizar as posibles incidencias ou dificultades de coordinación no desenvolvemento da docencia no período formativo do máster. Achégase a acta desta reunión como anexo núm. III.

### 3. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador cos titores/as do plan de acción tutorial

- A coordinadora da titulación enviou o día 27/11/2017 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 22 de decembro de 2017. Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. IV.
- Os titores do PAT remitiron a coordinadora o Anexo III do PAT onde poñían de manifesto as suxestións e queixas transmitidas polos estudantes nas reunións que mantiveron con eles. A través dos referidos anexos transmitiuse de información esencial para desenvolver o plan de acción tutorial (PAT). Achégase os Anexos III dos titores do PAT como anexo núm. V.

<sup>1</sup> Todos os anexos deste informe poderanse consultar na Secretaría do Decanato.

**Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

- A coordinadora da titulación enviou o día 13/3/2018 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudiantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, á reunión de seguimento a celebrar antes do 13 de abril de 2018. Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. VI.
- Os titores do PAT remitiron a coordinadora o Anexo III do PAT onde poñían de manifesto as suxestións e queixas transmitidas polos estudantes nas reunións de seguimento do PAT que mantiveron con eles. A través dos referidos anexos transmitiuse de información esencial para desenvolver o plan de acción titorial (PAT). Achégase os Anexos III dos titores do PAT como anexo núm. VII.
- A coordinadora da titulación enviou o día 31/5/2018 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a solicitar aos estudantes que cumprimentaran as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado») e a cumprimentar o anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a». Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. VIII.

**4. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a profesional ou o coordinador/a das prácticas externas básicas e das prácticas externas e os titores/as académicos cos titores/as externos ou co alumnado implicado**

Durante o curso académico 2017-18 realizáronse, a iniciativa da coordinadora académica das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e dos titores/as académicos, diversas actuacións conxuntas de coordinación cos titores/as externos e co alumnado implicado -algunhas no primeiro cuadrimestre respecto da materia Prácticas externas e outras no segundo cuadrimestre en relación coa materia Prácticas externas básicas-. As actuacións máis destacables desenvolvéronse nas seguintes datas:

**PRÁCTICAS EXTERNAS:**

- 11 e 24/07/2017: aprobación e publicación na páxina web do mestrado da asignación provisional e definitiva de despachos e de titores académicos para o curso 2017/2018 para a materia Prácticas externas  
[http://masteravogacia.webs.uvigo.es/docs/docencia/listado\\_provisional\\_adjudicacion\\_despachos\\_pe\\_2017-18.pdf](http://masteravogacia.webs.uvigo.es/docs/docencia/listado_provisional_adjudicacion_despachos_pe_2017-18.pdf)  
[http://masteravogacia.webs.uvigo.es/docs/docencia/LD\\_adjudicacion\\_despachos\\_pe\\_2017-18.pdf](http://masteravogacia.webs.uvigo.es/docs/docencia/LD_adjudicacion_despachos_pe_2017-18.pdf) -anexo núm. IX-
- 12/09/2017: reunión á que foron convocados os alumnos matriculados na materia Prácticas externas por iniciativa da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, celebrada ás 13:30 h. no Salón de Graos da Facultade de Dereito de Ourense, ao obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e correspondentes á materia Prácticas externas e informar ás e os estudantes sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas. Achégase acta da reunión -anexo núm. X-.

**Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

- 20/12/2017: elaboración polo coordinador académico da materia Prácticas externas dun escrito dirixido aos titores externos co obxecto de agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais no Mestrado universitario en Avogacía e lembrarlles a súa obriga de remitir ao titor/a académico do estudante o Anexo III do Regulamento de prácticas externas para proceder á avaliación do mesmo e os criterios de avaliación. A tales efectos xuntáronse ao escrito o anexo a encher e un documento explicativo cos criterios a valorar, en cumprimento da guía docente da materia e da ficha da memoria do título e solicitouse unha valoración o máis obxectiva posible pola súa banda. Xúntase a copia do correo remitido. Remisión do escrito por correo electrónico -anexo núm. XI-.
- 20/12/2017: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas dun correo electrónico dirixido aos estudantes co obxecto de agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das prácticas e lembrarlles a súa obriga de remitir ao titor/a académico o Anexo IV do Regulamento de prácticas externas e a Memoria das mesmas para proceder á avaliación do mesmo e recordándolles os criterios de avaliación. A tales efectos achegouse en arquivo adxunto ao correo o anexo a encher. Xúntase a copia do correo remitido -anexo núm. XII-.
- 17/01/2018: elaboración polos titores académicos da materia Prácticas externas y remisión aos coordinadores académico e profesional do mestrado dun Informe de incidencias co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido polos titores, de acordo co art.º 13 do Regulamento, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. O informe ten como obxectivo servir de complemento aos informes que aos coordinadores do mestrado lles corresponde elaborar, e recoller as incidencias que se formularon no desenvolvemento da materia Prácticas externas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, co fin de que se prevexan dende a coordinación e a Comisión académica do mestrado, se é o caso, as accións de mellora que se considere oportunas. Tamén incorpora algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores. Achégase copia do informe remitido á coordinación -anexo núm. XIII.

**PRÁCTICAS EXTERNAS BÁSICAS:**

- 21/09/2017: presentación dos coordinadores profesional e académico e dos titores de prácticas ao alumnado de primeiro curso do Máster universitario en avogacía e presentación das materias de prácticas externas na Xornada de acollida.
- 21/02 e 7/03//2018: aprobación e publicación na páxina web do máster a asignación provisional e definitiva de despachos e de titores académicos para o curso 2017/2018 para a materia Prácticas externas básicas  
[http://masteravogacia.webs.uvigo.es/images/docs/docencia/practicas/peb/LP\\_adjudicacion\\_PEB\\_2017-18.pdf](http://masteravogacia.webs.uvigo.es/images/docs/docencia/practicas/peb/LP_adjudicacion_PEB_2017-18.pdf)  
e  
[http://masteravogacia.webs.uvigo.es/images/docs/docencia/practicas/peb/LD\\_adjudicacion\\_PEB\\_2017-18.pdf](http://masteravogacia.webs.uvigo.es/images/docs/docencia/practicas/peb/LD_adjudicacion_PEB_2017-18.pdf) -anexo núm. XIV.

**Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

- 05/04/2018: reunión cos estudantes para lembrarlles que, de acordo co Regulamento, para que a práctica quede axeitadamente formalizada, o tutor profesional, o tutor académico e o estudante, deben subscribir a formalización da práctica (anexo II do regulamento) e que o documento debía estar depositado a disposición do coordinador de prácticas antes do comezo das prácticas.
- 21/05/2018: reunión de seguimento conxunto das prácticas á que foron convocados os alumnos matriculados na materia Prácticas externas básicas por iniciativa dos coordinadores académico e profesional da materia e dos titores académicos da materia de 1º curso, celebrada ás 18:30 h. na Sala de Videoconferencias da Facultade de Dereito de Ourense, ao obxecto de realizar o dito seguimento das prácticas desenvolvidas ata ese momento e informar ás e os estudantes sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas. Achégase acta da reunión -anexo núm. XV-. A convocatoria remitiuse por faitic o 18 de maio.
- 21/05/2018: elaboración polo coordinador académico da materia Prácticas externas básicas dun escrito dirixido aos titores externos co obxecto de agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais no Máster universitario en Avogacía e lembrarlles a súa obriga de remitir ao titor/a académico do estudante o Anexo III do Regulamento de prácticas externas para proceder á avaliación do mesmo e os criterios de avaliación. A tales efectos xuntáronse ao escrito o anexo a encher e un documento explicativo cos criterios a valorar, en cumprimento da guía docente da materia e da ficha da memoria do título e solicitouse unha valoración o máis obxectiva posible pola súa banda. Xúntase a copia do correo remitido. Remisión do escrito por correo electrónico - anexo núm. XVI.
- 21/05/2018: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas básicas dun anuncio a través de faitic dirixido aos estudantes co obxecto de agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das prácticas e lembrarlles a súa obriga de remitir ao titor/a académico o Anexo IV do Regulamento de prácticas externas e a Memoria das mesmas para proceder á avaliación do mesmo e recordándolles os criterios de avaliación. O correo remitiuse a través da plataforma virtual faitic -anexo núm. XVII-.
- 16/06/2018: elaboración polos titores académicos da materia Prácticas externas básicas e remisión aos coordinadores académico e profesional do máster dun Informe de incidencias co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido polos titores, de acordo co art.º 13 do Regulamento, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. O informe ten como obxectivo servir de complemento aos informes que aos coordinadores do máster lles corresponde elaborar, e recoller as incidencias que se formularon no desenvolvemento da materia Prácticas externas básicas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, co fin de que se prevexan dende a coordinación e a Comisión académica do máster, se é o caso, as accións de mellora que se considere oportunas. Tamén incorpora algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores. Achégase copia do informe remitido á coordinación -anexo núm. XVIII- .



**Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía****5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a do traballo de fin de máster co alumnado ou cos titores/as implicados**

Durante o curso académico 2017/2018 realizáronse un total de 4 reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

- 12/9/2017: reunión do coordinador do Traballo Fin de Máster e a coordinadora académica do Máster cos estudantes ao fin de explicarlles o contido y estrutura do mesmo. Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. XIX.
- 2/11/2017: reunión do coordinador do Traballo Fin de Máster e os membros do Tribunal cos estudantes coa finalidade de resolver dúbidas e cuestións de interese que lles podan xurdir en relación coa dinámica e avaliación do TFM. Achégase copia do correo electrónico como anexo núm. XX.
- 25/1/2018: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria ordinaria. Achégase como anexo núm. XXI a Acta de constitución do tribunal avaliador do TFM e os acordos.
- 3/7/2018: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria de xullo. Achégase como anexo núm. XXII.

**6. Reunións e actuacións de coordinación da comisión académica do Máster universitario en avogacía nas que se traten incidencias acontecidas durante a impartición do programa formativo ou durante a impartición do programa de prácticas**

Durante o curso académico 2017/2018 analizáronse incidencias deste tipo, nas reunións da Comisión Académica do Máster nas datas sinaladas a continuación:

- 7/9/2018: análise e aprobación do informe anual da Sra. Coordinadora no que se detalle cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa formativo e do informe do Sr. Coordinador profesional no que se detalle cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa de prácticas. Achégase como anexo XXIII os acordos da reunión da Comisión Académica do Máster.
- 15/11/2017: análise e aprobación do informe de accións de coordinación do Máster universitario en Avogacía do curso académico 2016/17. Achégase como anexo XXIV os acordos da reunión da Comisión Académica do Máster.

**7. Reunións de coordinación da Comisión de Coordinación do Máster en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e da Facultade de Dereito.**

A normativa sobre a composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Máster en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e da Facultade de Dereito establece no seu artigo 3 que “A Comisión de coordinación poderá avaliar e adoptar decisións sobre as incidencias ou posibles

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre Centros aos efectos do SGIC”.

Durante o curso académico 2017/2018 realizáronse dúas reunións:

- A primeira reunión, do 23 de novembro de 2017, para analizar e intercambiar experiencias entre as distintas sedes que redunden na mellora da titulación e delegar nas coordinadoras académicas do Máster as competencias en relación co seguimento das accións de mellora de titulación do Máster Universitario en Avogacía do curso 2016-2017 e da proposta de acción de mellora para o curso 2017-2018.
- A segunda reunión, do 20 de xullo de 2018, para aprobar as alegacións ao “Informe provisional para a avaliación interna seguimento de títulos oficiais de grao e máster (convocatoria 2015/16)”.

### 8. Reunións e actuacións de coordinación dos/as responsables de coordinación das materias co profesorado que as imparte

- Ao longo de todo o curso académico as/os responsables de coordinación das materias mantiveron unha comunicación permanente co profesorado que as impartiu para trasladar a información, os resultados, as queixas e as suxestións achegadas tanto polo propio alumnado como polo equipo de coordinación do Máster, algún profesorado ou mesmo o coordinador/a do título. O obxectivo principal foi consensuar as distintas decisións para garantir unha axeitada planificación da materia e asegurar un desenvolvemento equilibrado e coordinado desta.
- 4/9/2017: a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XXV.
- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.
- 27/12/2017: a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XXVI.
- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.

### 4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

Descríbanse outras accións que o centro realizará para mellorar a coordinación das ensinanzas de máster impartidas neste centro.

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

### 4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito

A Comisión de Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes acción en relación coa coordinación:

- 2/10/2017
  - a) Valídanse os informes de coordinación do Grao en Dereito e do Máster universitario en avogacía.
  - b) Aprobación da axenda básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o primeiro cuadrimestre do curso 2017/2018.
  - c) Aprobación da realización do Curso de Actualización Xurídica.
  - d) Acórdase incluír na web da facultade ao PDI vencellado a grupos de investigación do centro.
  
- 24-1-18
  - a) Aprobación da axenda básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o segundo cuadrimestre do curso 2017-2018.
  - b) Aprobación dos resultados das enquisas de avaliación docente correspondentes ao curso 2016-17 e do informe de resultados de PDI.
  - c) Aprobación dos resultados das enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado correspondentes ao curso 2016/2017 e do informe de resultados de avaliación.
  - d) Aprobación dos resultados de taxas académicas correspondentes ao curso 2016/2017 e do informe de resultados do alumnado que pasará a denominarse informe de resultados académicos.
  - e) Aprobación do informe sobre QSP do curso 2016.
  - f) Análise das incidencias detectadas no seguimento e control da docencia ou da avaliación e adopción de medidas para garantir o axeitado cumprimento das obrigas docentes.
  - g) Validación das modificacións no regulamento de prácticas externas do Máster universitario en avogacía.
  - h) Validación da proposta de modificación das instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito.
  
- 27-2-18
  - a) Validación das propostas de modificación na memoria de graduado/a en Dereito que poden acometerse a través do seguimento do título do curso 2016/2017.
  - b) Validación do informe de revisión do sistema pola dirección, que inclúe as propostas de mellora para o curso 2017/18 e o seguimento dos títulos adscritos ao centro.
  - c) Acórdase manter as metas correspondentes aos obxectivos de calidade do centro un curso académico máis.

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- d) Valídase a rúbrica correspondente ao TFG coa pretensión de que o alumnado e os membros do tribunal teñan uns criterios máis obxectivos para a valoración, ter claro o que deben avaliar en cada un dos ítem. Na avaliación pormenorizada hai catro ítem. O anterior é saber se houbo plaxio, o uso de linguas estranxeiras e o traballo en equipo.
- 6-6-18
  - a) Validación da actualización do plan operativo de información pública.
  - b) Acordo para manter o actual plan de promoción do centro.
  - c) Validación do programa e data de celebración do curso cero, do curso 3.5 e da xornada de acollida do Máster universitario en avogacía.
  - d) Aprobación do informe de seguimento do PAESU correspondente ao curso 2017/2018 e proposta do PAESU para o curso 2018/2019.
  - e) Validación do informe de seguimento da certificación do sistema de garantía de calidade da Facultade de Dereito.
  - f) Seguimento do plan de melloras do centro e por en funcionamento ou aplicar métodos, medidas etc., das que non se puideron acometer.
  - g) Acordo para a elaboración dun informe coas principais incidencias relativas á docencia.

### 4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2017/2018 desenvolvéronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

**CURSO 0: INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO**

**DATA: 4 DE SETEMBRO DE 2017**

**LUGAR: AULA CONCEPCIÓN ARENAL DA FACULTADE DE DEREITO**

**XORNADA DE ACOLLIDA MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA**

**DATA: 22 DE SETEMBRO DE 2017**

**LUGAR: SALA DE VIDEOCONFERENCIA FACULTADE DE DEREITO.**

**ORIENTA IURIS “II FEIRA DE EMPREGO XURÍDICO DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL”**

**DO 25 DE SETEMBRO AO 27 DE OUTUBRO DE 2017**

**XORNADAS SOBRE A DIMENSIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO SALARIO, OS NOVOS SISTEMAS RETRIBUTIVOS**

**DATA: 29 DE SETEMBRO 2017**

**LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO- EMPRESARIAL**

**PENSAR EL CINE IX: SEXUALIDAD, MULLER E IGUALDADE**

**DATA: DO 4 AO 15 DE OUTUBRO 2017**

**LUGAR: AULA MAGNA FACULTADE DE DEREITO**

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

### XORNADAS SOBRE FEMINISMO E TEORÍA DO DEREITO

DATAS: 19 E 26 DE OUTUBRO 2017

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE E CAMPUS DE VIGO)

### CHARLAS-COLOQUIO SOBRE O PARLAMENTO DE GALICIA

DATA: LUNS 6 NOVENBRO 2017

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO- EMPRESARIAL

### CURSO DE ACTUALIZACIÓN XURÍDICA 2017/2018

DATA: DO 3 NOVENBRO DE 2017 AO 25 MAIO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS/SALA DE XUNTAS DO DECANATO

### LIGA DE DEBATE

DATA: ÚLTIMA SEMANA DE NOVENBRO. DEBATES FINAIS: 14 E 15 DE DECEMBRO DE 2017.

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

### CONFERENCIA: DERECHO DE DEFENSA Y PRESUNCIÓN DE INOCENCIA.

DATA: 3 DE NOVENBRO

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

### CONFERENCIA: PROTECCIÓN DE DATOS E TRANSPARENCIA.

DATA: 3 DE NOVENBRO 2017

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

### II SEMINARIO-TALLER: LITERATURA E DEREITO “ESTADO, ADMINISTRACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS NA NARRATIVA CONTEMPORÁNEA”

DATA: 10 DE NOVENBRO DE 2017

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

### SEMINARIO DE DEREITO E MEDICINA

DATA: 11 DE DECEMBRO 2017

LUGAR: SALA DE XUNTAS DO DECANATO

### CONFERENCIA INAUGURAL DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO DO CAMPUS DA AUGA: BONDADES DA ROTURA DE FRONTEIRAS NA CREACIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA

DATA: 15 DE DECEMBRO DE 2017

LUGAR: SALÓN GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

### CURSO 3.5. ORIENTACIÓN ACADÉMICA PARA ESTUDANTES DE 3º CURSO DE GRAO EN DEREITO E DE 4º CURSO DO PCEO ADE-DEREITO

DATA: 22 DE XANEIRO DE 2018

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

XORNADAS DEREITO Á INTIMIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS NO ÁMBITO LABORAL

DATA: 11 DE ABRIL 2018

LUGAR: SALÓN GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

I XORNADA “MULLER E PROCESO”

DATA: 18 e 26 DE ABRIL 2018

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: “PROBA PRECONSTITUÍDA E PROBA ANTICIPADA”

DATA: 26 ABRIL 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

CONFERENCIA: “A PRÁCTICA ACTUAL DO DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO EN ESPAÑA: A LOITA CONTRA OS CARTÉIS”

DATA: 8 DE MAIO 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

CONFERENCIA: “A FUNDACIÓN VICENTE FERRER E A LOITA CONTRA A POBREZA NA INDIA” A TÚA GOTA APORTA

DATA: 22 DE MAIO 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

I ENCONTRO INTERNACIONAL SOBRE ARGUMENTACIÓN E CONFLITO DE DEREITOS

DATA: DO 23 AO 25 DE MAYO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

### 4.2.3. Actuacións desenvolvidas para a promoción do centro e das súas titulacións.

Ao longo do curso 2017-18 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro, dentro do mencionado Plan de promoción, entre as que destacan as seguintes relativas ao Grao en Dereito e PCEO:

- Celebración do curso cero. O día 4 de setembro de 2017 celebrouse o denominado “curso cero”, destinado a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o grao en Dereito e dándolles a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte de Facultade

Obxectivos:

- Facilitar ao alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.
  - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
  - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Celebración da II FEIRA de Emprego Xurídico de Galicia e Norte de Portugal. Orienta Iuris, unha Feira de emprego especializada no ámbito xurídico en Galicia e norte de Portugal, concíbese como un

### Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

punto de encontro no que estudantes, titulados/as e profesionais do mundo do Dereito poidan compartir experiencias, interrelacionarse e mellorar as posibilidades de acceso ao mercado laboral. Este evento, organizado pola Facultade de Dereito do Campus de Ourense, celebrou a súa segunda edición co principal obxectivo de fomentar a empregabilidade do estudantado e a realización de prácticas preprofesionais. Orienta Iuris estruturouse en tres bloques de actividades:

- Taller virtual: A través dun obradoiro virtual, entre o 25 de setembro e o 5 de outubro, no que os asistentes aprenden a elaborar o seu cv e a deseñar estratexias para a busca activa de emprego.
- Foro de emprego: Actividades participativas como micro-charlas, debates e mesas redondas que axudan ao estudantado a definir o perfil profesional que resulte máis axeitado ás demandas reais do mercado laboral e a coñecer experiencias vividas por profesionais do sector.
- Feira de emprego: O día 27 de outubro, na Feira de emprego xurídico, ademais de mesas redondas con ex alumnos/as da Facultade, hai unha zona de expositores, onde as entidades colaboradoras poden presentar os seus programas de formación e carreira, comezar os seus procesos de selección e desenvolver sesións de networking.

Pola súa banda, o alumnado e titulados/as de Dereito pode achegarse a estes espazos para coñecer a oferta existente, presentar os seus currículos e manter entrevistas de traballo.

- Celebración do curso 3.5. O Curso de Orientación académica para estudantes de terceiro curso do Grao en Dereito celebrouse o luns 23 de xaneiro de 2017 na aula Magna da Facultade de Dereito. Os seus obxectivos son facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de máster e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral; presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de grao; e dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

#### 4.2.3.1. Actuacións desenvolvidas durante o curso 2017-18 para a promoción do centro e das súas titulacións:

- En centros de educación secundaria e bacharelato e de Formación Profesional da provincia:  
Remisión, no mes de maio de 2018, dun correo electrónico con información sobre as titulacións de grao do centro (perfil de ingreso, plan de estudos, perfil de egreso) aos orientadores/as de ensino secundario e centros de FP da provincia, coa finalidade de darlles a coñecer a nosa oferta formativa e promocionar ou Centro entre ou seu alumnado.
- Xornadas de portas abertas: Con motivo da celebración do Día Mundial da Auga, o Campus Universitario de Ourense Campus da Auga, celebrou o mércores 22 de marzo, unha xornada de portas abertas dirixida a estudantes de Educación Secundaria e Bacharelato das provincias de Ourense e Pontevedra.

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

O obxectivo foi orientar aos estudantes sobre o seu futuro universitario, e dar a coñecer a investigación que se está a realizar no marco do Campus da Auga. Neste sentido, a Decana da Facultade de Dereito participou presentando as diferentes titulacións e as saídas profesionais.

- Organización de actividades múltiples: conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades, folletos e Carteis informativos que poden consultarse na páxina web da Facultade na ligazón de actualidade - <http://dereito.uvigo.es/es/actualidad> e <http://dereito.uvigo.es/gl/actualidade->. (figuran no apartado anterior).

### 4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora

#### 4.3.1. Actuacións e incidencias mais relevantes

A continuación relataranse, por orden cronolóxico, as incidencias que se plantexaron durante o curso 2017/2018 no Máster da Avogacía, así como as accións de mellora que se levaron a cabo dende a Coordinación e a Comisión Académica do Máster.

1. O día 30 de maio de 2017, seguindo o calendario aprobado pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade ese mesmo día, a coordinadora do Máster envioulle un correo electrónico a todo o profesorado responsable das materias no máster. Nel comunicábaselle o calendario de elaboración das guías docentes, así como algunhas orientacións para ter en conta. Neste proceso de elaboración, os coordinadores/as de materia/módulo, unha vez editadas as guías docentes, remitíronllas á coordinadora do máster para revisalas. Achégase copia do correo electrónico como anexo XXVII.

O día 10 de xuño de 2015 a coordinadora do Máster envioulle un correo electrónico a todo o profesorado responsable das materias no máster. Nel comunicábaselle que na reunión de coordinación do Máster en Avogacía, das Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Dereito, acordouse remitir aos coordinadores a convocatoria do exame nacional deste ano, aos efectos de que o tiveran en conta ao elaborar as guías docentes. Achégase copia do correo electrónico como anexo XXVII.

A coordinadora, tras proceder a revisión das Guías Docentes das materias do Máster, o día 23 de xuño de 2017, envioulles unha folla coas incidencias detectadas aos coordinadores/as de materia/módulo. Abriuse outra vez un período de edición. Achégase copia do correo electrónico e as correccións propostas pola coordinadora como anexos XXVIII y XXIX.

Unha vez rematado o período de edición das guías docentes, a coordinadora revisou as guías docentes por segunda vez para resolver algunhas incidencias, ben directamente, ben solicitando a colaboración dos/as responsables das materias. Concluído o proceso de elaboración, a coordinadora remitiulle as guías docentes a Comisión de Garantía Interna de Calidade, para a súa revisión.

O día 3 de xullo de 2017 foron aprobadas pola Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía. Unha vez finalizado o proceso de revisión, a coordinadora remitiulle as guías docentes ao



**Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

decanato para aprobalas. Cómpre destacar a participación e o traballo do profesorado no proceso de realización das guías.

2. O día 4 de setembro de 2017, a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, do primeiro e segundo cuadrimestre, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Achégase copia do correo electrónico como anexo XXV.
3. O día 21 de setembro de 2017 celebrouse a Xornada de Acolida dos estudantes de primeiro curso do Máster Universitario en Avogacía cos obxectivos de:
  - a. Facilitar ao estudante o tránsito dende o grao ao posgrao.
  - b. Presentar ao estudante o Máster en Avogacía da Facultade de Dereito.
  - c. Dar a coñecer ao estudante os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.Achégase copia do programa da Xornada de Acolida do Máster como anexo XXX.
4. O día 12 de setembro de 2017, o coordinador profesional do Máster Universitario en Avogacía e a coordinadora da materia Prácticas Externas, por iniciativa da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, celebran unha reunión á que foron convocados os alumnos matriculados na materia, no Salón de Graos da Facultade de Dereito de Ourense, ao obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e correspondentes á materia Prácticas externas e informar ás e os estudantes sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas.
5. 13 de setembro de 2017: A coordinadora académica reuniuse cos estudantes do Máster Universitario en Avogacía coa finalidade de que procederan a selección das/os delegadas/os de curso. A finalidade desta reunión era informarles da importancia de que nomeen aos representantes dos estudantes o máis axiña posible a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Máster, as que son invitados con voz pero sen voto.
6. O Plan de Acción Titorial (PAT) do Máster está integrado PAT da Facultade de Dereito. Entre as actuacións de apoio e seguimento que se prevé que realice o titor, establécese a obriga de programar, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes a iniciativa do propio titor:
  - unha inicial para toma de contacto e detección de necesidades especiais
  - outra de seguimento, cando o curso estea máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- Prevese tamén a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.
7. O día 27 de novembro de 2017, a coordinadora da titulación enviou un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudiantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 22 de decembro de 2017.
  8. O día 27 de decembro de 2017, a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Achégase copia do correo electrónico como anexo XXVI.
  9. O día 13 de marzo de 2018, a coordinadora académica enviou un correo electrónico o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudiantado titorizado a través de correo electrónico, para unha reunión de seguimento. Todos os titores enviaron á Coordinadora a copia do correo electrónico no que convocaban aos estudantes titorizados.
  10. O día 31 de maio de 2018, a coordinadora da titulación enviou un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a solicitar aos estudantes que cumprimentaran as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado») e a cumprimentar o anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a».

### 4.3.2. Informe anual da Coordinadora académica do Máster

Na súa reunión de 7 de setembro de 2018, a Comisión Académica do Máster aprobou o informe anual da Coordinadora no que se detallan cantas incidencias haxan ter lugar durante a impartición do programa formativo.

Achégase o informe como anexo XXXI.

### 4.3.3. Informe anual do Coordinador Profesional do Máster.

Na súa reunión do día 7 de setembro de 2018, a Comisión Académica do Máster aprobou o informe anual do Coordinador Profesional do Máster, no que se detallan as incidencias que tiveron lugar durante a impartición do programa de prácticas.

Achégase o informe como anexo XXXII.

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

### 4.3.4. Informe anual da Coordinadora académicas e os titores académicos das materias de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso).

A Coordinadora académica e os titores académicos da materia de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e Prácticas externas (segundo curso) elaboraron dous informes co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido, de acordo co art. 13 do Regulamento de Prácticas externas, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.

Tal e como se sinalan expresamente nos informes, estes teñen como obxectivo servir de complemento aos informes que os coordinadores do máster elaboran e recollen as incidencias que se suscitaron no desenvolvemento das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, a fin de que se prevexan desde a Coordinación e a Comisión académica do máster, no seu caso, as accións de mellora que se consideren oportunas,, aínda que tamén se deixa constancia de que a maioría dos alumnos non manifestaron incidencia algunha.

Ase mesmo, se incorporan algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores para solventar os problemas que se atoparon durante os cuadrimestres nos que se desenvolveron as prácticas,. Achéganse os informes como anexo XIII e XVIII.

### 4.3.5. Informe do coordinador do Traballo Fin de Máster

O Coordinador do Traballo Fin de Máster (TFM) elaborou un informe sobre o desenvolvemento da materia e as propostas de mellora, que se incorporou o Informe da Coordinación Académica do Máster universitario en Avogacía do curso 2017/18. Dito informe figura como anexo XXXI.

### 4.3.6. Informe da coordinadora sobre o plan de acción tutorial (PAT).

CONCEPTO: o Plan de acción tutorial (PAT) da Facultade de Dereito configúrase como o instrumento a través do cal se diseña o contido e a execución das distintas accións relativas á tutoría universitaria para as titulacións do centro. Responde á implantación do «DO-0203 P1: procedemento: orientación ao estudantado», que constitúe en si mesmo o rexistro R1-DO0203 P1 deste. Préstaselle unha especial atención ao estudantado de novo ingreso, de cara a favorecer a súa integración na vida universitaria, a mellorar o seu rendemento académico e a atender as súas necesidades formativas e informativas, e ao que está rematando os seus estudos, para facilitarlle a preparación para a actividade profesional ou o inicio á investigación. O PAT supón apostar por un modelo educativo no que conflúen xunto coa vertente académica, orientada á transmisión de coñecementos, funcións socioeducativas, máis centradas no desenvolvemento persoal do/a estudante e baseadas en relacións recíprocas e interaccións tutor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Preténdese, así, ir consolidando unha liña de acción tutorial coherente coas necesidades do estudantado, que normalice as distintas accións e acade un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do espazo europeo de educación

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

superior. Trata de garantir a adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, a adquisición de competencias do alumnado, a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe, a procura dunha igualdade de xénero...

O PAT aprobado pola Xunta de Facultade o 17 de outubro de 2014 prevé que o profesorado titor asesorará o seu alumnado de primeiro e segundo ao longo de todo o curso académico mediante a programación de polo menos dúas reunións anuais por iniciativa do propio titor/a co seu grupo de estudantes, unha inicial para a detección de necesidades especiais e outra de seguimento ao longo do curso. Ambas as dúas reunións entre titor/a-alumno/a teñen carácter preceptivo para o titor/a, que debe convocar os titorizados/as, pero son de carácter voluntario para o alumnado, que pode asistir ou non. Así mesmo, a titora ou titor poderá reunirse co alumnado, a iniciativa do titor ou do propio alumnado, en calquera momento do curso. O estudantado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudantes tutelado.

O alumnado e o profesorado implicado no PAT cumprirán as enquisas de avaliación do grao de satisfacción. Así mesmo, as titoras e titores informarán o coordinador/a da titulación das dificultades, incidencias, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudantado.

1. O día 27 de novembro de 2017 envióselle un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 22 de decembro de 2017, para a presentación do titor e do PAT, a detección de necesidades especiais e interesarse polo desenvolvemento do curso, co fin de recadar información que permita a mellora da titulación.

Cabe destacar o bo acollemento do PAT por parte do alumnado xa que a maioría dos estudantes asistiron as reunións iniciais convocadas polos titores. asistiu todo o alumnado convocado. Nesta primeira reunión os estudantes, na maioría dos casos, manifestaron que non había incidencias relevantes, aínda que puxeron de manifesto algunha queixa en relación coa ponderación da cualificación correspondente a asistencia.

2. O día 13 de marzo de 2018 remítuselle un novo correo electrónico o profesorado titor, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha reunión de seguimento.

Debe salientarse a boa participación dos estudantes nas reunións de seguimento do PAT. En termos xerais manifestan a súa satisfacción co desenvolvemento do Máster.

3. Segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de

### Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do tutor/a»). Esta actuación non se levou a cabo.

O 31 de maio de 2018, dende a coordinación do máster, enviouse un correo electrónico a todo o profesorado tutor do PAT indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do tutor/a»). No email solicitábase que remitiran á coordinadora do Máster o anexo IV-B cumprimentado. Asemade, solicitábase que remitiran ao estudantes que titorizaban o anexo IV-A e que unha vez que o recibiran cumprimentado polos estudantes o reenviaran a coordinación do máster.

A pesar de que poucos estudantes cumprimentaron o anexo IV-A, os que o cumprimentaron mostraron a súa satisfacción có desenvolvemento e utilidade do PAT. Neste mesmo sentido manifestáronse os profesores tutores do PAT.

#### 4.3.7. Accións de mellora

- Importancia do PAT como medio para coñecer de primeira man as suxerencias, queixas e felicitacións do estudantado. Fomentar que os estudantes cumprimenten os anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado», para poder analizar a satisfacción dos estudantes co PAT.
- Adiantar o inicio da docencia do Máster para facilitar a avaliación das materias que se imparten no primeiro cuatrimestre e, asemade, facilitar a realización e avaliación das prácticas externas básicas ao final do segundo cuatrimestre.
- Ao elaborar os horarios do segundo cuatrimestre tentar que a docencia da materia Práctica Laboral non se concentre no final do período formativo. A materia ten 64 horas presenciais e dado que coincide temporalmente con Práctica Tributaria que ten 24 horas presenciais, o meirande parte da materia de Práctica Laboral se impartía conxuntamente ao final do período formativo.
- En relación co TFM, adoptar durante o mes de xullo as resolucións necesarias para o curso seguinte, tales como: a) prazo de presentación do Anexo I (propostas temáticas) dos Traballos Fin de Máster; b) elección mediante sorteo e nomeamento dos membros do tribunal avaliador e c) distribución equitativa das tarefas de titorización dos TFM.
- Buscar máis eficiencia na xestión do máster mediante a delegación de concretas funcións da comisión académica do máster na coordinación do mesmo e o emprego, cando proceda, de medios electrónicos nas convocatorias e sesións da comisión aproveitando as posibilidades que ofrece o artigo 17 da Lei 40/2015.
- Dende a coordinación profesional, estase traballando na celebración de convenios de colaboración con distintas institucións públicas e privadas para diversificar máis a oferta de prácticas.
- Estase traballando na celebración dun Convenio coa Audiencia Nacional, para facilitar ao estudantado a realización de prácticas.

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- Dende a coordinación do Máster e o Decanato, solicitar ao Rectorado unha compensación aos Ilustre Colexios de Avogados (ICA) pola redución que experimentaron os prezos públicos aplicados ao Máster universitario en Avogacía.
- Dende a coordinación profesional, organizar unha viaxe institucional á Unidades de Antropoloxía Forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), con sede no hospital de Verín.
- Dende a coordinación profesional, solicitar información dos responsables dos distintos Xulgados, sobre as vistas orais que poidan resultar de interese para o estudantado, e publicitar dita información a través tanto dunha circular enviada por correo electrónico ao estudantado como da propia web do Máster.
- Organizar unha Conferencia inaugural do Máster universitario en Avogacía, impartida por un xurista de recoñecida traxectoria profesional.
- Insistir na esixencia dunha valoración máis equitativa por parte dos titores profesionais, pois, nalgúns casos, as elevadas cualificacións dos titores externos contrastan coas defectuosas memorias de prácticas elaboradas polo estudante avaliado.
- Valorar e, no seu caso, ter en conta as causas que xustifican un cambio de asignación de titor en futuros procesos de asignación de entidades ao alumnado e destacar a necesidade de que, neses casos, os anexos II e III sexan debidamente formalizados e subscritos por cada unha das persoas que titorizan ao alumno, deixando constancia das horas que este realizase en cada despacho.
- Incidir na posibilidade de que os estudantes realicen prácticas extracurriculares durante o curso académico no que están matriculados. Os titores profesionais permiten, en ocasións, aos alumnos continuar realizando prácticas unha vez finalizado o cuadrimestre e superada a materia Prácticas externas. Durante o curso académico, que finaliza o 31 de agosto, poden formalizar as prácticas a través da Fundación Universidade de Vigo (FUVI) como Prácticas extracurriculares (ata un máximo de 600 horas por alumno/a en un mesmo despacho e cun máximo de 240 horas sen dotación económica).

---

## 5. Conclusións

A través das actas das reunións da comisión académica do máster, das reunións mantidas co alumnado, profesorado, titores/as das prácticas externas e titores/as dos traballos de fin de máster, o equipo de coordinación vén cumprir co establecido no Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense. Ademais, proporcionáselles á Comisión de Garantía de Calidade e ao Decanato da Facultade de Dereito información relevante para implantar o sistema de garantía interno da calidade do centro no Máster universitario en avogacía, tanto en relación coas incidencias que teñen xurdido como cos plans de mellora que se levan a cabo.

**Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Máster universitario en avogacía extraíse as seguintes conclusións en relación cos principais problemas detectados polo equipo coordinador do Máster:

- Importancia do PAT como medio para coñecer de primeira man as suxerencias, queixas e felicitacións do estudiantado. Fomentar que os estudantes cumprimenten os anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado», para poder analizar a satisfacción dos estudantes co PAT.
- Adiantar o inicio da docencia do Máster no mes de setembro.
- Evitar que a docencia da materia Práctica Laboral se concentre no final do período formativo.
- Adoptar no mes de xullo resolucións en relación co TFM que faciliten a selección de titor e proposta temática ao estudiantado.
- Conveniencia de buscar máis eficiencia na xestión do máster.
- Conveniencia de celebrar convenios de colaboración con distintas institucións públicas e privadas para diversificar máis a oferta de prácticas.
- Celebrar un convenio coa Audiencia Nacional, para facilitar ao estudiantado a realización de prácticas.
- Solicitar ao Rectorado unha compensación aos Ilustre Colexios de Avogados (ICA) pola redución que experimentaron os prezos públicos aplicados ao Máster universitario en Avogacía.
- Organizar unha viaxe institucional á Unidades de Antropoloxía Forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), con sede no hospital de Verín.
- Solicitar información dos responsables dos distintos Xulgados, sobre as vistas orais que poidan resultar de interese para o estudiantado, e publicitar dita información a través tanto dunha circular enviada por correo electrónico ao estudiantado como da propia web do Máster.
- Organizar unha Conferencia inaugural do Máster universitario en Avogacía, impartida por un xurista de recoñecida traxectoria profesional.
- Valorar e, no seu caso, ter en conta as causas que xustifican un cambio de asignación de titor en futuros procesos de asignación de entidades ao alumnado e destacar a necesidade de que, neses casos, os anexos II e III sexan debidamente formalizados e subscritos por cada unha das persoas que titorizan ao alumno, deixando constancia das horas que este realizase en cada despacho.
- Necesidade de insistir na esixencia dunha valoración máis equitativa por parte dos titores profesionais.

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- Incidir na posibilidade de que os estudantes realicen prácticas extracurriculares durante o curso académico no que están matriculados.

Data: 25/10/2018

Sinaturas:



Coordinadora do Máster  
M<sup>ª</sup> Dolores Fernández Fustes



Coordinadora de Prácticas externas  
Marta Fernández Prieto



Coordinador do Traballo Fin de Máster  
Roberto O. Bustillo Bolado